O TEATRO ANTES DA GUERRA CIVIL.

RESUMO

1. O Teatro Rexioxional. Os precedentes das Irmandades da Fala.

   - A inicios do século créanse cadros de declamación e coros populares, que asumen o feito teatral (Toxos e Frores, Ruada, Cantigas da Terra, etc.). permiten establecer unha infraestrutura teatral aínda que prolongue un tipo de teatro decimonónico.
   - Creación do Conservatorio Nazonal de Arte Galega da Coruña (1919), que logo pasa a ser a Escola Dramática Galega, impulsada polas Irmandades, que pretenden dar un carácter continuado aos espectáculos dramáticos, sentando as bases dunha tradición ata daquela inexistente, aínda que, en certa medida, continúa o traballo da Escola Rexional de Declamación, fundada en 1903 por Galo Salinas.
   - Aparición de directores, escenógrafos, actores... Importante actividade na emigración. Consolídase un teatro monolingüe, en galego, que rompe co monopolio do costumismo.
   - Autores e obras: **Francisco María de la Iglesia** (1827-1897) *A fonte do xuramento*, 1882. **Galo Salinas Rodríguez**, (1852-1926), *A torre de Peito Burdelo,* 1891; *¡Filla...!* **Emilio Álvarez Giménez** (1830-1911), *Mari Castaña, unha revolta popular*. **Xan Cuveiro Piñol** (1821-1906), *Pedro Madruga,*1897. **Manuel Lugrís Freire** (1863-1940), iniciador da creación dramática en prosa, *A Ponte (1903), Mareiras (1904), Minia (1904), Esclavitú (1906), O Pazo (1917), Estadeíña(1919), A costureira de aldea,* 1884. **Xesús San Luís Romero** (1872-1966), *O xastre aproveitado*, o monólogo *Pra que m'enamorei?*, *O Fidalgo...* **Xavier Prado Rodríguez** (1874-1942), "Lameiro", deixounos a súa obra recollida en dous tomos, *Monifates e Farsadas* publicados en 1928. **Nan de Allaríz** *Recordos dun vello gaiteiro, ¡Airiños... levaime a ela!, boceto cómico-dramático, O zoqueiro de Vilaboa, boceto de zarzuela gallega...* **Avelino Rodríguez Elías** (1872-1958) *Os catro túneles, O miñato e mais a pomba, San Antón o casamenteiro, O guardia Mor, O sobriño do Abade, O pano amrelo, O trunfo da muiñeira, A tixela da vida...* **Xesús Rodríguez López** (1889-1930) *O Chufón(1915)*. **Uxío Charlón Arias** (1889-1930), e **Manuel Sánchez Hermida** (1888-1940), *O zoqueiro de Vilaboa, Mal de moitos*, *Trato a cegas, O menciñeiro*, *Axúdate* ... **Manuel Comellas Coímbra** (1853-1925), *Pilara ou a grandeza dos homildes (1920)...*

2. O Teatro das Irmandades da Fala

   - Impúlsase o teatro como arma político-ideolóxica cara a recuperación da conciencia nacional. Pensado especialmente para a súa representación e con intención de captar a un público cultivado e urbano, rompendo así a longa tradición ruralista e popular.

- Promovido por: **Ramón Cabanillas Enríquez** (1876-1959), rompe o preconceito realista dos fidalgos a falaren español e escribe un teatro para amplos sectores, ou recrea mitos co propósito da dignificación da terra: *Aman de Santiña*(1921), *O Mariscal,* 1926. **Antón Villar Ponte** (1881-1936), *A patria do labrego, drama galego nun acto* (1905)*, Almas mortas, Entre dous abismos, Os evanxeos da risa absoluta (anunciación do Antiquixote)* (1934).
- Do Seminario de Estudos Galegos: **Armando Cotarelo Valledor** (1879-1950), *Trebón, farsada dramática en tres autos*; *Lubicán, conto dramático de lobos e de amores, en tres cadros en verso* (1924)*, Sinxebra* (1923), *Hostia* (1926), *Beiramar*; *Mourenza...*
- **Leandro Carré Alvarellos** (1888-1976), publica os primeiros traballos respecto da historia do noso teatro: "A moderna orientación do Teatro galego" (1923), e "Literatura galega. Teatro" (1960). O seu teatro é de carácter costumista, quer de ambiente rural, quer de ambiente burgués: *Rexurdimento* (1918), *O pecado alleo* (1923), *Tolerías* (1917), *Pra vivir ben de casados* (1917), *Noite de ruada* (1918), *Enredos* (1919), *A venganza* (1922), *O corazón dun pedáneo* (1922), *Noite de trunfo* (1926), *A espadela* (1924), *Alborada no día da Festa* (1924), *Unha noite no muíño* (1924), etc.

3. O Teatro das Vangardas:

- **Xaime Quintanilla Martínez** (1898-1936), *Alén* (1921), *Donosiña*.
- **Álvaro de las Casas Blanco** (1901-1950), En 1929 publicou *A morte de Lord Stauler, O tolo de lastra*, *Dente de ouro, A gavilla, Pancho de Rábade* (1930), *A volta* (1933), *Mátria* (1935), etc.
- **Rafael Dieste** (1899-1981). *A fiestra valdeira*, *O drama do cabalo de axedrez*, publicadas en 1927.

4. O Teatro do grupo Nós.

- **Vicente Risco** (1884-1963), *O Bufón d-El Rei, drama en catro pasos.*
- **Ramón Otero Pedrayo** (1888-1976)*, A Lagarada***,** 1928; *Teatro de máscaras*, *O fidalgo e a noite, Noite compostelá* (1973), *O desengano do prioiro* (1952) ...

A historia da nosa literatura dramática e do noso teatro está directamente relacionada co permanente enfrontamento entre os gardiáns do uniformismo do Estado e os defensores da diversidade; canto maior foi o poder político e administrativo dos primeiros, menos posibilidades de desenvolvemento tiveron as culturas secularmente marxinadas e minoradas. A censura, as prohibicións e as persecucións dos que ousaron disentir constitúen feitos obxectivos e documentados. A evidente relación entre literatura dramática, teatro e política foi e será sempre unha realidade certa.